



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1090 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE OUTUBRO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 30 de setembro e extraordinaria e urxente do 4 de outubro de 2021.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Solicitude de subvención á Xunta de Galicia en base á Orde do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases "Subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión". Expte. 226399/301.

CONTRATACIÓN

- 3.- Proposta de adxudicación da contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local. Expte. 71430/212.
- 4.- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo. Expte. 87033/250.
- 5.- Proposta de adxudicación da contratación do subministro e instalación dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía. Expte. 3892/611.

EDUCACIÓN

- 6.- Expediente de contratación dos servizos de seguridade dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo. Expte. 23102/332.
- 7.- Dar conta do inicio da actividade na Escola Infantil municipal de Bembrive. Expte. 24925/332.

FESTAS

- 8.- Convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizados polo Concello de Vigo para os programas "Nadal 2021" "Cabalgata de Reis 2022" e "Entroido 2022". Expte. 8936/335.

RECURSOS HUMANOS

- 9.- Imposición de sanción no expediente disciplinario a empregado municipal do Servizo de Montes, Parques e Xardíns. Expte. 37160/220.
- 10.- Prórroga do Programa "Vigo pola inserción laboral" e nomeamento interino auxiliar de Admón. Xeral. Expte. 38397/220.

SERVIZOS XERAIS

- 11.- Expediente de contratación das obras de "Humanización da rúa Romil. Fase I". Expte. 976/441.

TURISMO

- 12.- Ampliación do AD 202100005422-Gasto autorizado para o pago da prórroga do contrato de alugueiro entre o Concello de Vigo e a Zona Franca dos locais nº 1, 4 e 2 do edificio dotacional de Montero Ríos. Expte. 7754/104.

URBANISMO

- 13.- Convenio coa mercantil CEETRUS URBAN PLAYER SPAIN S.A.U. instrumentando a cesión do dereito de uso de determinada superficie localizada na cuberta do centro VIALIA-Estación de Vigo para o seu destino a praza e para a regulación das condicións de utilización, usos, conservación, reposición e mantemento de tal superficie. Expte. 604/406.

VIGOZOO

- 14.- Prórroga do expediente de contratación do servizo de control de accesos e atención ao público de Vigozoo. Expte. 11156/612.
- 15.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **14 de OUTUBRO de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1090 /1102

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez